

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CURSO 2012/2013

O presente documento da conta das actividades que a ANPA Bidueiro do C.E.I.P. Isidro Parga Pondal de Sta. Cruz - Oleiros, desenvolveu ao longo do curso 2012-2013.

Cada actividade ou grupo de actividades de similares obxectivos e características, descríbese de xeito sintético a modo de ficha, coa intención de facilitar a súa lectura.

1. Xestión de comedor: almorzos e comidas

Lugar: Sala de usos múltiples -comedor do centro

Participantes: Ata agora aberto a todos os escolares cunha previsión en función dos datos dispoñibles duns **220 alumnos /as**

Síntese da actividade: O comedor do colexio serve semanalmente unha media de 703 menús ao alumnado do centro que vai desde cuarto de Educación Infantil ata sexto de primaria. A meirande parte deles son nenos que usan o servizo todos os días da semana, aínda que tamén hai alumnos que acuden un so día á semana ou de forma esporádica.

Pola mañá atendemos tamén con almorzos madrugadores dándose como media 170 almorzos semanais en horario de sete e media a nove.

A organización de almorzos e comedor depende completamente da ANPA que pretende cubrir un baleiro deste servizo que non ofrece a Administración. É fundamental para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e para ampliar a calidade das prestacións do colexio e a súa imaxe externa.

O comedor conta con cociña propia e ofrece menús quentes, peixe fresco e incluso doces caseiros grazas ás xestións da ANPA que conseguiu substituír o servizo de *catering* anterior e organizar o comedor todo o curso en colaboración coa empresa Asueto e co apoio, para realizar o cambio nas infraestructuras, do **Concello de Oleiros**.

Durante este ano melloramos o servizo, grazas á colaboración do colexio que cedeunos o uso da aula de psicomotricidade e o concello que fixo un aseo nun cuarto da limpeza para poder separar aos nenos de infantil e primaria e poder dar un mellor servizo, sempre cumprindo coas necesidades hixiénicas e tendo en conta a capacidade da cociña do centro.



2. Distribución das subvencións do comedor

Datas: Unha ou dúas veces no ano cando chega a subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Unversitaria

Participantes: Todos os alumno/as asistentes ao comedor, 220 alumnos.

Síntese da actividade: O obxectivo deste servizo é distribuír a axuda que a *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Unversitaria* concede ao conxunto de comensais usuarios do servizo do comedor. O obxecto do mesmo é repartir e facer chegar ás familias a subvención da Consellería cando se reciba, entre tódolos usuarios a partes proporcionais, segundo os gastos que cada usuario de comedor realizou no período que abarca a subvención. Esta axuda



adoita ser unha cantidade que oscila entre 0,5 € e 1€ por menú cando o custo do mesmo é de 6,65 € menú.

Neste curso chegou para contabilidade o 28 de decembro de 2012 e para distribución entre os comensais a subvención de setembro a decembro 2011 que foi de 6.602,62€.

3. Organización de Festas

Datas: Nadal 2012, Antroido,

Lugar: Polideportivo Municipal e do Centro

Participantes: 250-275 persoas entre alumnos e familiares.

Síntese da actividade: Consistente na organización e realización de festas con xogos, algunha actuación ou animación, maquillaxe, baile... O obxectivo destas actividades é crear un espazo lúdico e de encontro para o conxunto do alumnado á vez que favorecer a relación entre as familias e os membros da comunidade escolar.

4. - Excursión do Samaín

Datas: 27 de outubro

Lugar: Goente (Fragas do Eume), Museo Etnográfico da Capela, Casa do mel

Participantes: 60 personas entre adultos e nenos

Síntese da actividade: Trátase da realización dunha excursión cultural dirixida ás familias asociadas na que polo tanto participa o alumnado acompañado da familia. Nesta ocasión visitamos diversos lugares de interese cultural entre os que destacamos O Museo Etnográfico da Capela e a Casa do Mel. Un dos obxetivos da excursión tamén foi ir á procura das cabazas para preparar o Samaín. Destacar que para poder realizar esta excursión contamos tamén coa axuda do **Concello de Oleiros**.





5. - Excursión ao Ferrol Mariñeiro

Datas: 8 de xuño de 2013

Lugar: Ferrol, Arsenal Militar, museo Naval, viaxe en barco pola ría e visita o Castelo de San Felipe.

Participantes: 87 personas entre adultos e nenos

Síntese da actividade: Trátase da realización dunha excursión cultural dirixida ás familias asociadas na que polo tanto participa o alumnado acompañado da súa familia. Nesta ocasión visitamos diversos lugares de interese cultural entre os que destacamos O Museo Naval de Ferrol, O Arsenal Militar, unha Fragata e tras un paseo en barco pola Ría, a visita o Castelo de San Felipe.





6. Concurso de adornos de Nadal feitos con materiais reciclados

Datas: Decembro 2012

Lugar: Instalacións do centro

Participantes: Dirixido ao conxunto do alumnado

Síntese da actividade: A actividade baséase na proposta ao alumnado de facer adornos de Nadal a partir de materiais de refugallo. Esta idea, que goza de un éxito notable e crecente cada ano, permite desenvolver as aptitudes artísticas e creativas dos nenos ao tempo que ensinar que moitos materiais e cousas poden ter máis dunha “vida”. Logo da exposición das obras os nenos son recompensados cun pequeno agasallo polo seu traballo.

7.- Extensión das novas tecnoloxías no colexio

Datas: Curso escolar 2012-2013

Lugar: aulas de informática

Participantes: O conxunto do alumnado



Síntese da actividade: A informática e novas tecnoloxías enténdese como materia transversal na educación pois o seu dominio e manexo é imprescindible en todos os ámbitos da vida actual.

Tras a instalación en anos anteriores da infraestrutura necesaria para que fose posible contar co proxecto ABALAR, este curso os nenos poideron beneficiarse deste proxecto, xa que este ano pasado foi concedido e implementouse en dúas clases do 3º Ciclo de Primaria. O Anpa segue a colaborar co colexio na dotación da infraestrutura necesaria para que os nenos poidan beneficiarse das novas tecnoloxías, polo que este ano a ANPA dotou dun ordenador máis a unha das aulas e financiou tamén o cableado da aula de informática.

8.- Colaboración en festas e actividades do colexio

Datas: Días das Letras Galegas, Servizo de Gardería

Lugar: Instalacións do centro

Participantes: Escolares e familias do centro

Síntese da actividade: Ao longo do curso e en diferentes actos lúdicos ou festivos realizados en horario escolar e extraescolar, a ANPA colaborou no desenvolvemento das festas do colexio proporcionando infraestrutura, materiais, ou axudando na realización dalgunha actividade, grazas tamén á colaboración do **Concello de Oleiros**.

Este ano desde o departamento de Orientación do centro, organizáronse varias actividades dirixidas aos pais e desde a ANPA para facilitar a asistencia dos mesmos, facilitouse un **servizo de gardería** a través dunha empresa de animación.

Destacar tamén que este ano mercáronse para o colexio **dúas canastas de baloncesto** que serán instaladas no patio do centro.

9.-Colaboración co concello no desenvolvemento dos encontros deportivos de fútbol sala e Baloncesto do concello de Oleiros.

Datas: Un sábado de cada mes de decembro de 2012 a maio de 2012

Participantes: Dirixida ao conxunto do alumnado de primaria que estea interesado en participar

Síntese da actividade: Trátase dunha actividade organizada desde a Concellería de Deportes do Concello de Oleiros consistente en realizar un encontro mensual entre os diferentes colexios do municipio para xogar ao fútbol sala e ao baloncesto

A ANPA colabora nesta actividade atendendo as demandas da organización, facilitando a comunicación entre participantes e concello, dispoñendo o material para o adestramento (un cada día anterior da xornada de partidos) e lavando e tendo a punto as equipacións para o xogo.

10. Romería 2013

Data: 1 de xuño 2013

Lugar: Instalacións do centro

Participantes: Dirixida a toda a comunidade educativa

Síntese da actividade: O ano pasado levouse a cabo polo 25 aniversario do centro, unha Romería onde participou toda a Comunidade Escolar. Desde a Dirección do Centro e a ANPA gustaríamos que esta actividade puidérase desenvolver todos os anos, xa que consideramos que é unha maneira moi positiva de mellorar os vínculos entre docentes, familias e alumnado. Este ano desde a nosa asociación participamos desenvolvendo diversos obradoiros culturais de cestería, música galega, xogos populares... Tamén financiouse a posta en escena da obra de teatro, Contos no Ar, dirixida a nenos/as e as súas familias.



ANPA Bidueiro
C.E.I.P. Isidro Parga Pondal



11. Mantemento da páxina WEB

Participantes: Dirixida a toda a comunidade educativa

Síntese da actividade: A posta en marcha dunha páxina web abordouse no curso 2007-2008 cos seguintes obxectivos: (1) Potenciar o labor de divulgación de diferentes aspectos da educación integral do alumnado (2) Difundir as

actividades propias da asociación (3) Mellorar a comunicación entre os membros da asociación e (4) Mellorar a prestación de servizos aos socios.

Con tales intencións a ANPA Bidueiro abriu un dominio de Internet para completar os seus contidos de forma paulatina, de acordo coas nosas posibilidades. De calquera xeito, na actualidade funciona como un estupendo taboleiro de anuncios no que se expoñen desde os menús mensuais de comedor ata calqueira aviso ou noticia de interés para o alumnado, sobre todo as diferentes actividades culturais que chegan a nosa asociación e que son de relevancia para a comunidade educativa (cursos, campamentos, conferencias...).

Aínda que pode mellorar no contido e prestacións, resulta ser un servizo de comunicación moi eficaz para a transmisión de información. Tamén para dar rápida resposta as familias en temas puntuais. De feito a través dela o pasado curso déronselle resposta a unha centena de solicitudes de información ou xestións diversas.

12. Obradoiros de Teatro

Data: abril, maio e xuño 2013

Lugar: aula de psicomotricidade

Participantes: 20 nenos/as

Síntese da actividade: Este ano decidimos iniciar un obradoiro de teatro no centro, xa que consideramos que é una ferramenta moi interesante para os nenos/as para mellora a súa expresión verbal, habilidades sociais, expresión corporal, capacidade de memoria... A idea foi empezar cun grupo reducido de nenos/as, pero ante a alta demanda que tivo a actividade, valoraremos para o ano que ven a posibilidade de traballar con dous grupos.

Destacar que este grupo de nenos/as fixo unha pequena actuación o día da Romería, antes da obra de Teatro levada a cabo pola mesma compañía que desenvolve os obradoiros.





13. Programa de Intercambio de libros.

Datas: Finais de xuño e principios de xullo

Participantes: Dirixida ás familias

Síntese da actividade: Este curso estamos en marcha coa segunda edición do programa de intercambio de libros. O obxectivo do mesmo é posibilitar que os libros xa usados poidan ser aproveitados por outro alumno. Aínda que desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dispoñen de axudas á merca de libros, estas solo chegan as familias de moi baixos recursos. Sen embargo, a compra do conxunto do material escolar necesario para empezar o curso supón un esforzo económico grande para a economía de moitas familias. Para aliviar en parte este esforzo, tanto como para educar na cultura da reutilización, aínda antes que na do reciclaxe, desde a Anpa dispoñemos un espazo onde deixar os libros usados.

Estes libros, unha vez organizados, quedan a libre disposición de aqueles que os queiran utilizar. Aínda que solo alcanza aos últimos cursos de primaria o pasado ano todos os libros recollidos tiveron demanda e pasaron a un segundo usuario.

14. Movilización contra a LOMCE

Datas: Curso escolar

Participantes: Comunidade escolar

Síntese da actividade: Seguemento e apoio a todas as actividades levadas a cabo pola Plataforma en Defensa do Ensino Público, da que formamos parte dende a CONFAPA GALICIA.

15. Labores de funcionamento corrente

Datas: Todo o curso.

Participantes: Dirixida a toda a comunidade educativa

Síntese da actividade: Ademais das actividades anteriores, a ANPA desenvolve diversas actividades de funcionamento corrente que se poden diferenciar en dous tipos.

Traballos de mantemento basal da asociación, isto é, os traballos básicos e necesarios para que a ANPA funcione. Entre eles cabe citar a actualización do libro de socios, convocatoria de assembleas, realización e presentación de contas, realización de solicitudes de axudas para o desenvolvemento de actividades a diversas institucións: Concello, Diputación, etc.



Traballos de interlocución e mediación con outras instancias que dunha ou outra formas se relacionan coa ANPA e os seus asociados. Neste labor cotiá que implica o mantemento dunha boa comunicación coas outras instancias da comunidade educativa, concello de Oleiros, administración autonómica, outras ANPAs, etc., este ano destacamos as xestións realizada en relación coa aclaración das tarefas escolares a realizar máis alá da escola no segundo ciclo de primaria e as mantidas en relación co problema da insuficiencia de prazas de autobús para o conxunto do alumnado do centro que precisa este servizo.